

Convocatoria da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos para o día 19 de xuño de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Por motivo da convocatoria da FEMP a unha concentración de todos os representantes locais para o mércores, 18 de xuño, en Madrid, que coincide coa data da dita comisión informativa, é necesario trasladar a realización da dita comisión ao xoves, 19 de xuño de 2025, ás 16.50 horas.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos, en sesión **ordinaria**, para o **día 19 de xuño de 2025**, ás 16.50 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2025/32V/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de maio de 2025.

2. 2025/14634W PRESIDENCIA

Aprobación da Ordenanza reguladora do Obradoiro de Gaitas e Instrumentos Tradicionais da Deputación Provincial de Ourense.

3. 2025/16521A PRESIDENCIA

Aprobación da delegación na Deputación Provincial do exercicio das competencias de xestión, liquidación e recadación en voluntaria e executiva e revisión de actos do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do Concello de Xunqueira de

Espadanedo.

4. 2025/6177P PRESIDENCIA

Aprobación do informe da Conta Xeral da Deputación Provincial de Ourense, do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico, do Consorcio Provincial do servizo contra incendios e salvamento e do Consorcio de Augas de Valdeorras correspondente ao exercicio 2024.

5. 2025/16443V PRESIDENCIA

Expediente número 6/2025 de modificación do Anexo IV das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense.

6. MOCIÓNS DE URXENCIA.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.